

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

*EXTRACTO da Resolución do 3 de xaneiro de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de duascentas cincuenta (250) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2023/24 nunha universidade galega (código de procedemento PR911A).*

BDNS (Identif.): 673001.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán solicitar estas axudas os/as cidadáns/ás galegos/as residentes no estranxeiro cunha titulación universitaria de grao, licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a, diplomado/a, arquitecto/a técnico/a ou enxeñeiro/a técnico/a.

Segundo. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases que regularán o procedemento de concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de duascentas cincuenta (250) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior, co fin de cursar determinados estudos de máster que se inicien no curso 2023/24 nunha universidade galega, condicionada aos límites de financiamento.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 3 de xaneiro de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de duascentas cincuenta (250) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2023/24 nunha universidade galega (código de procedemento PR911A).



**Cuarto. *Importe***

1. Esta convocatoria terá carácter plurianual e para a concesión destas subvencións destinaranse un total de 2.300.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.480.3 –bolsas excelencia mocidade exterior– dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2023 e 2024, por importe de 1.250.000 € para a anualidade 2023 e 1.050.000 € para a anualidade 2024. A concesión destas subvencións quedará condicionada aos ditos límites orzamentarios.

2. Este importe poderá ser ampliado nos casos establecidos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, en función das maiores dispoñibilidades orzamentarias que se poidan producir na devandita aplicación.

**Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes***

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o día 28 de abril de 2023 ás 23.59 horas (hora peninsular española).

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Antonio Rodríguez Miranda  
Secretario xeral da Emigración

